

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS NO ANO 2024

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Deportes, ten entre os seus obxectivos o fomento do deporte e o apoio ás e aos deportistas da provincia de Pontevedra en competicións deportivas.

A través desta liña de subvencións, a Deputación de Pontevedra promove unha liña específica de axudas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra das modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais de calquera ámbito territorial.

Con estes antecedentes, a nova Corporación provincial, tras a súa constitución, decidiu darlle continuidade a esta liña subvencional, considerada de interese para a Deputación de Pontevedra, dada a especial importancia do deporte náutico como sector estratéxico no ámbito deportivo da provincia, en especial das modalidades de piragüismo, remo e vela, de grande arraigamento e tradición na provincia de Pontevedra.

Desde o punto de vista competencial, e de acordo coa Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen entre as súas competencias fomentar, promover e difundir o deporte na provincia; por iso, desde esta Administración débese facilitar a práctica da actividade física e deportiva, co principal obxectivo de mellorar a condición física e a ocupación activa do tempo de lecer.

Nesta liña, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte, este e a actividade física considéranse esenciais, e que todas as persoas teñen dereito á práctica deportiva. Neste sentido, na lei aparecen multitude de referencias á importancia das entidades locais, como xestoras do territorio, á hora de promover e fomentar a práctica da actividade deportiva.

No artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións



provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e, no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura, da educación e do deporte.

Segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra establece as presentes bases reguladoras da convocatoria pola que se rexen as solicitudes de subvención para os clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela que participan en competicións náuticas para o ano 2024, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais de calquera ámbito territorial.

Segunda. Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria os clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, que participen en competicións oficiais de calquera ámbito territorial, nas modalidades deportivas de piragüismo, remo e vela.



Non poderán beneficiarse as entidades nas que concorran algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Todas as entidades solicitantes deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.

Terceira. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrência competitiva. Terá esta consideración o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza pola comparación entre as solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e concédenselles co límite fixado na convocatoria, dentro do crédito dispoñible, a aquelas solicitudes que obteñan unha maior valoración ao aplicar os criterios de valoración.

A concesión destas subvencións é compatible coas doutras administracións públicas. En todo caso, o importe da subvención que se vai aboar non pode ser de tal contía que, en concorrência con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas mais os ingresos derivados da actividade ou investimento, supere o custo da actividade ou investimento.

O importe das subvencións calcularase segundo os criterios de valoración recollidos nestas bases. Establécese un importe máximo de subvención de vinte e cinco mil (25.000,00) euros; en todo caso, as axudas non poderán superar o 40 % do orzamento presentado coa solicitude. Unha vez realizada a primeira repartición, e en caso de que quedase diñeiro dispoñible, realizaranse tantas reparticións como fose necesario e seguirase o mesmo procedemento.



Cuarta. Financiamento e distribución orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita a dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 24/340.3410.489.22 do Orzamento da Deputación para o ano 2024 por un importe total de cincocentos mil (500.000,00) euros.

A distribución dos orzamentos por modalidades deportivas é a seguinte:

Piragüismo.....	
.280.000,00 €	
Remo.....	
145.000,00 €	
Vela.....	
.. 75.000,00 €	

Quinta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Soamente se admitirá unha única solicitude de subvención por cada entidade solicitante.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes



O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Sétima. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen durante o período correspondente a tempada 2023/2024 no caso de tempada partida ou 2024 no caso de tempada anual.

Para os efectos destas bases, subvencionaranse os gastos de participación e adestramento dos equipos e das e dos deportistas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes; estes son:

- **Gastos federativos.** Os que correspondan a gastos emitidos polas federacións deportivas ou similares da actividade deportiva subvencionada.
- **Gastos de competición e adestramento.** Os correspondentes a desprazamentos, aloxamento, manutención, participación, alugueiro de instalacións deportivas, quilometraxe ou calquera outro necesario para asistir ou participar nas competicións ou nos adestramentos da actividade deportiva subvencionada .
- **Gastos de persoal.** Os relativos a soldos, salarios ou retribucións unicamente das e dos deportistas, técnicos, adestradores ou calquera outro axente necesario para a práctica da actividade deportiva subvencionada.
- **Gasto de material deportivo.** Os que correspondan a vestimenta e equipamento deportivo non inventariable, así como á reparación e ao mantemento do material deportivo necesario para a práctica deportiva subvencionada.
- **Gastos sanitarios.** Os relacionados coa saúde das e dos deportistas no desenvolvemento da actividade deportiva subvencionada.



Outras normas a ter en conta:

- Quedan excluídos, entre outros, os gastos derivados de seguros, asesorías, telefonía, ITV, así como calquera outro que non teña relación coa práctica da actividade deportiva subvencionada.
- En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.
- Salvo disposición expresa que indique o contrario, poderase considerar como gasto subvencionable aquel feito e xustificado, aínda que non estea pagado antes de presentar a xustificación, sempre que se realice no prazo máximo dun (1) mes desde que se lle pague a subvención á persoa beneficiaria. Este aspecto comprobarase cando se faga o control financeiro.
- Non se considerarán gastos subvencionables os que superen o importe de 900,00 euros e non se paguen por medio dunha entidade financeira. Así mesmo, cando se trate de persoas beneficiarias que non contan con contabilidade, tampouco se considerarán subvencionables aqueles que non se paguen por medio de entidade financeira.
- No caso de que se subvencionen conceptos de gastos de actividades non profesionais, servirá de xustificante o recibo, no que se acrediten a identificación da persoa beneficiaria da subvención e do suxeito que desempeña a actividade, o concepto, a data, o importe e a xustificación de que se realizou, se procede, a correspondente retención fiscal, que deberá achegarse co xustificante ou recibo.
- No caso de compensacións por desprazamentos en vehículos privados, establecerase sobre a base das tarifas aboadas por quilómetro segundo a normativa vixente.
- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

Oitava. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.



Segundo o disposto no artigo 19.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral subvencións (LXS), e no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes, en especial, coas convocatorias de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra de ámbito estatal, de ámbito inferior ao estatal, e coas consignadas nominativamente no orzamento para o ano 2024 da Deputación de Pontevedra.

Novena. Documentación

As entidades solicitantes presentarán coa solicitude a seguinte documentación:

- Acreditación da representación da entidade solicitante, no caso de non utilizar certificado electrónico cualificado de persoa representante.
- **Certificado federativo (anexo I).** Certificación oficial expedida pola federación correspondente, na que se detallen os criterios de valoración específicos e previstos nas bases.
 - Aqueles clubs de modalidades deportivas que desenvolvan a súa actividade competitiva no ano natural poderán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración xurada na que se detallen os criterios de valoración específicos e previstos nas bases. En todo caso, deberán presentar o certificado federativo no prazo de dez (10) días a partir da publicación da proposta da resolución provisional. En caso de presentar un menor número de licenzas, reducirase o importe da subvención proporcionalmente.



A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade
- Domicilio fiscal da entidade solicitante
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décimo primeira. Notificacións



As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da



solicitud, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se realiza o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo terceira. Criterios de valoración e cálculo do importe das subvencións

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para asignar os importes, estableceranse os criterios do orzamento achegado coa solicitude e do certificado federativo (anexo I); establécese a seguinte ponderación:

Criterios de valoración específicos	Ponderación
Orzamento da finalidade subvencionada	50 %
Licenzas federativas	50 %
Total	100 %

• Determinación dos puntos

O procedemento para calcular os puntos acadados por cada entidade, determinarase coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntos de cada entidade} = (\text{Orz} * 50 / \text{Sto}) + (\text{Lf} * 50) / \text{Slf}$$

Orz: orzamento presentado

Sto: sumatorio total de orzamentos presentados

Lf: puntuación acadada polo club polas licencias federativas do certificado federativo presentado

Slf: sumatorio das puntuacións totais acadadas polos clubs polas licencias federativas

• Cálculo da puntuación a través das licencias federativas



Licenzas totais da entidade	1 punto/licenza
Licenzas das e dos deportistas en idade formativa ou de base As licenzas formativas serán ata os 16 anos	1 punto/licenza
Licenzas das deportistas	1 punto/licenza
Licenzas das e dos deportistas que practiquen deporte adaptado	10 puntos/licenza
Licenzas das e dos deportistas de ámbito estatal (absoluta e previa á absoluta) Licenza expedida pola correspondente federación española	10 puntos/licenza
Licenzas das e dos deportistas con categoría Depo_dan 2023	5 puntos/licenza
Licenzas de técnicos ou adestradores:	
➤ Nivel 3	5 puntos/licenza
➤ Nivel 2	3 puntos/licenza
➤ Nivel 1	1 punto/licenza
Licenzas de técnicas ou adestradoras:	
➤ Nivel 3	7 puntos/licenza
➤ Nivel 2	5 puntos/licenza
➤ Nivel 1	3 puntos/licenza

• Cálculo do valor do punto das axudas das subvencións

O valor do punto calcularase dividindo o orzamento destinado á modalidade entre 100.

• Cálculo do importe das subvencións

O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade polo valor do punto das axudas.

Decimo cuarta. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Deportes e comprenderá as seguintes fases:



- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.
- Informe-proposta do xefe de servizo no que figure a valoración das solicitudes, de acordo cos criterios de concesión, se explique o sistema de valoración seguido, se relacionen as solicitudes por orde e se sinale a subvención correspondente a cada unha delas. Así mesmo, detallaranse as solicitudes desestimadas e explicaranse as razóns da súa desestimación.
- Informe-proposta por parte da comisión de valoración, que estará composta por:
 - Presidente: o Xefe do Servizo de Deportes.
 - Vogais: un membro do persoal técnico do Servizo de Deportes.
 - Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Deportes.
- Proposta de resolución provisional. O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe-proposta, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada coa súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Establecerase un período de dez (10) días naturais, desde o mesmo día da súa publicación, para presentar alegacións, achegar o certificado federativo, de ser o caso, ou renunciar á subvención proposta.
- Proposta de resolución definitiva. Examinados as alegacións ou os certificados federativos presentados e as posibles renuncias, formularase a proposta de resolución definitiva, na que se incluírá a persoa ou persoas solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.
- Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.



Decimo quinta. Resolución do procedemento

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instructor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución do procedemento publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo sexta. Procedemento de xustificación e pagamento

As entidades beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 31 de xaneiro de 2025.

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo segunda destas bases.

Para a xustificación, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos

Na xustificación de gastos, relacionaranse os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento estimado coa solicitude.

- No caso de que se xustifiquen gastos por un importe igual ou superior ao do orzamento estimado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % e iguais ou superiores ao 50 % do orzamento estimado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 50 % do orzamento estimado non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.
- Na conta xustificativa especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida, e declararase que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.
- No caso de necesitar relacionar máis facturas, utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (anexo III).

Na xustificación de ingresos, relacionaranse as axudas concedidas por outros organismos públicos para a finalidade subvencionada, e declararase que o importe das subvencións concedidas por outros organismos públicos e os fondos propios ou privados para a actividade subvencionada non superaron o importe total dos gastos para a devandita actividade.

- Se da suma da subvención concedida e da dos ingresos obtidos con outras subvencións ou axudas os clubs superasen o custo da finalidade subvencionada ou obtivesen beneficios, aboarase a parte proporcional da subvención para que non superen o custo da actividade subvencionada



- **Facturas ou documentos análogos** con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo só polo importe da subvención que se debe abonar.
 - No caso de que presenten facturas por importe inferior á subvención concedida, aboarase o importe da subvención xustificada.
- **Anexo IV.** Memoria na que se xustifiquen as medidas de publicidade e difusión da subvención por medio de fotografías que mostren de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas.
 - No caso de que as entidades non xustificasen correctamente as medidas de publicidade e difusión, o Servizo de Deportes poderá establecer unha dedución máxima de ata o 15 % sobre o importe da subvención. Para impoñer estas deducións non será necesario tramitar un procedemento especial distinto ao da xustificación da subvención, senón que estas se descontarán directamente do importe concedido.

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado non poderá superar o 20 %. Todo gasto que supere este límite non se considerará subvencionable.
- Os gastos presentados na conta xustificativa deberán pagárselles ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. No caso de que o club non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.



- As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e mais a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pago en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable.
- En caso de clubs que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.
- Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda do dereito a cobrar a subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

O pagamento das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación, mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Para cobrar a subvención os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Décimo sétima. Medidas de publicidade e difusión

As entidades beneficiarias destas axudas deberán levar a cabo as seguintes actuacións en materia de difusión e publicidade:

- 1) Equipamento oficial de competición do equipo polo que accede á subvención (o incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 10 % da subvención concedida):



Subvencións por importe superior a 10.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra no equipamento de competición (camiseta ou similar) nun lugar visible e na parte dianteira; este deberá ter unha medida estándar de 25 x 8 cm

Subvencións por importe de 5.000,00 € a 10.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra no equipamento de competición (camiseta ou similar) nun lugar visible e preferiblemente na parte dianteira; este deberá ter unha medida mínima de 25 x 8 cm

Subvencións por importe inferior a 5.000,00 €

- Será obrigatorio o logo da Deputación de Pontevedra no equipamento (camisetas ou pantalóns) de competición oficial nun lugar visible e cunha medida estándar de 10 x 5 cm

- 2) Equipamento oficial de competición do resto de equipos pertencentes ao club (o incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 5 % da subvención concedida):

Subvencións por importe superior a 10.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra no equipamento de competición do resto de categorías ou equipos do club nun lugar visible e cunha medida estándar de 10 x 5 cm

Subvencións por importe de 5.000,00 € a 10.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra no equipamento de competición do resto de categorías ou equipos do club nun lugar visible.

Subvencións por importe inferior a 5.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra no equipamento de competición do resto de categorías ou equipos do club nun lugar visible.



3) Equipamento de adestramento (o incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 3 % da subvención concedida):

Subvencións por importe superior a 10.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra no equipamento de adestramento (camiseta, suadoiro ou similar) nun lugar visible; este deberá ter unha medida estándar de 25 x 8 cm

Subvencións por importe de 5.000,00 € a 10.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra; se estivese presente calquera outra administración, este irá de forma proporcional ao do resto de administracións.

Subvencións por importe inferior a 5.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra; se estivese presente calquera outra administración, este irá de forma proporcional ao do resto de administracións.

4) Roupas e equipamento de viaxe (o incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 3 % da subvención concedida):

Subvencións por importe superior a 10.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra na roupa e no equipamento de viaxe nun lugar visible; este deberá ter unha medida estándar de 10 x 5 cm.

Subvencións por importe de 5.000,00 € a 10.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra; se estivese presente calquera outra administración, este irá de forma proporcional ao do resto de administracións.

Subvencións por importe inferior a 5.000,00 €

- Será obrigatorio incorporar o logo da Deputación de Pontevedra; se estivese presente calquera outra administración, este irá de forma proporcional ao do resto de administracións.



5) Outras medidas que se deben ter en conta, de ser o caso (o incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 5 % da subvención concedida):

- Lonas publicitarias nas instalacións do club. Todas as entidades que dispoñan de instalacións ou dunha sede deberán incorporar unha lona coa imaxe corporativa da Deputación, nun lugar visible, que deberá ter un tamaño mínimo de 1 x 0,5 m.
- Lonas publicitarias nos campionatos ou nas actividades de todas as categorías organizadas polo club. Todas as entidades que leven a cabo campionatos ou actividades deberán incorporar, nun lugar visible, dúas lonas coa imaxe corporativa da Deputación, que deberá ter un tamaño mínimo de 3 x 1 m.
- Vehículos oficiais do club. Todas as entidades que dispoñan dun vehículo oficial do club deberán incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra nun lugar visible e de forma proporcional á do resto de administracións.
- Carteis oficiais. Todas as entidades que leven a cabo carteis oficiais deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación nun lugar visible e de forma proporcional á do resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.
- Paneis traseiros para eventos ou actos do club, coma conferencias de prensa, presentacións, comunicacións ou premios. Todas as entidades que leven a cabo as devanditas accións deberán incluír a imaxe corporativa da Deputación nun lugar visible e de forma proporcional á do resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.
- Espazo dixital do club (páxinas web e redes sociais). Todas as entidades que leven a cabo as devanditas accións deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación nos encabezamentos ou nos apartados de colaboradores ou patrocinadores das entidades. Nas redes sociais será obrigatorio aparecer nos encabezamentos ou nas fotos de perfil. As entidades deberán nomear a Deputación



sempre que se etiquete o resto de entidades ou administracións colaboradoras.

- Outros soportes publicitarios. No caso de que as entidades realicen outras accións ou medidas publicitarias como retransmisións en directo, colocación de pantallas led na pista ou calquera outra, deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación nun lugar visible e de forma proporcional á do resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.

Nas subvencións de menos de 1.500,00 € só terán que xustificar a difusión por medio dalgún dos apartados anteriormente citados.

Todos os gastos derivados da produción dos elementos publicitarios mencionados correrán a cargo da entidade subvencionada, que se compromete a actualizar todos estes soportes publicitarios antes de presentar a xustificación.

De non incluír a imaxe da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos, debido ás características da modalidade deportiva ou de calquera outra circunstancia, deberase propoñer unha alternativa, que será valorada polo Servizo de Deportes, que propondrá a súa aprobación ou unha dedución da subvención.

A Deputación de Pontevedra, en todo caso, porá á disposición das entidades subvencionadas os logotipos oficiais da imaxe corporativa en www.depo.gal (área de descargas).

Estas medidas de difusión deberanse ter en conta para futuras actuacións por parte das entidades solicitantes á hora de deseñar novos equipamentos ou calquera outra medida.

Décimo oitava. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da Lei de subvencións 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), en particular, as entidades beneficiarias terán que:



- Cumprir coas medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos nestas bases
- Cumprir cos demais supostos previstos nesta normativa reguladora das subvencións
- As entidades beneficiarias deberán aprobar a liquidación da tempada. O acordo deberá ser aprobado pola Asemblea ou órgano competente da entidade deportiva, referindo de xeito expreso no acordo e con carácter mínimo, o importe total dos gastos, o importe total de ingresos e o resultado da tempada. Ao abeiro do disposto no artigo 56 da Lei 38/2003 o incumprimento desta obriga formal será considerado como infracción leve, comprobación que se realizará posteriormente no caso dun control financeiro.

Décimo novena. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Perderase o dereito a cobrar a subvención, total ou parcialmente, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Por incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Por incumprir as obrigas de xustificación.
- Por incumprir as obrigas de adoptar medidas de difusión do financiamento público recibido.
- Polas demais causas establecidas na normativa de subvencións.

Vixésima. Control financeiro



O beneficiario, de acordo co establecido nos apartados 5 e 6 do artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016, estará suxeito ao control financeiro que se puidese exercer, no prazo de catro (4) anos, contados a partir do pagamento da subvención. Así mesmo, indicaráselle que, de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios, independentemente do seu importe.

O control financeiro fará referencia á totalidade de gastos e ingresos da actividade subvencionada, que deberá integrar a totalidade de gastos finais resultantes dos gastos subvencionables presentados coa solicitude, así como o resto de gastos que a entidade estimase imputables á tempada (posibles gastos que non se reflicten na solicitude).

Esta contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables coa totalidade de gastos e de ingresos; en caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme a lexislación vixente, na que se indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

É importante determinar o inicio e finalización da tempada e os gastos e ingresos que se lle imputan, especialmente no caso de que existan outras actividades complementarias, compatibles co seu obxecto social, de carácter industrial, comercial ou de servizos e nas que se destinen os seus bens ou recursos a estes obxectivos (como poden ser escolas deportivas, eventos, campus deportivos...). Estas actividades deberán recollerse nos libros contables de maneira independente e, no caso de que a entidade presentase un balance anual positivo, debe quedar reflectido en que actividade se imputa ese superávit.

Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2024 e no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.



Vixésimo segunda. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo terceira. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun (1) mes, un recurso de reposición ante o órgano que as ditase, que se entenderá como desestimado se transcorrese este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de dous (2) meses un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contarase a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entendese como desestimado.

Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.



A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.